

Crear un ficheiro comprimido ZIP

Un ficheiro ZIP é un formato de almacenamento sen perda, moi empregado para a compresión de datos como documentos, imaxes ou programas (Fonte: [wikipedia](#)).

Para a creación dun paquete comprimido ZIP teremos que ter instalado no noso equipo algún dos programas para tal fin, sendo os máis coñecidos e empregados [WinZip](#), [WinRar](#) e [7Zip](#). Recomendase o uso deste último por tratarse dun programa de código aberto ([opensource](#)) ademais de gratuíto.

Procedemento de creación do paquete ZIP

O primeiro que debemos facer é crear unha nova carpeta onde introduciremos todos os ficheiros que desexamos empacar e comprimir.

Unha vez creada a carpeta solo teremos que premer sobre ela co botón dereito do rato e seleccionar a opción **7zip > Añadir ao arquivo**. Na nova xanela que se abre seleccionaremos en **Formato de arquivo** a opción ZIP¹

Para rematar premenos sobre o botón **Aceptar** e o noso ficheiro ZIP estará creado no mesmo lugar onde tiñamos a carpeta orixinal.

Licenza



Crear ZIP por [Webs dinámicas](#) atópase baixo unha Licenza [Creative Commons Reconocimiento-CompartirIgual 3.0 España](#).

Documento orixinal editable: <http://www.edu.xunta.es/centros/websdinamicas/crearzip>

¹ **ZIP e Moodle:** é importante traballar exclusivamente con formato ZIP cando desexamos traballar en plataformas Moodle, xa que este formato é o único que nos permitirá descomprimir os ficheiros directamente na plataforma